





MARTES 14 DE ABRIL DE 2020



LINGUAXE PLÁSTICA

COCHES DE CHOQUE

1. MATERIAIS: rolos de papel hixiénico.
 2. PROCEDEMENTO:
 - ⇒ decoramos libremente o noso rolo de papel;
 - ⇒ faremos que se mova polo chan impulsado polo noso sopros;
 - ⇒ podemos facer carreiras cos nosos familiares.
- 
- 

COLLAGE

1. MATERIAIS: papeis de cores, telas, boliñas, cintas,... da mesma gama de cor, folio.
2. PROCEDEMENTO:
 - ⇒ coloreamos un folio da gama de cor elixida;
 - ⇒ facemos un collage monocromático;
 - ⇒ podemos repetir a actividade outro día con outra cor diferente.





MARTES 14 DE ABRIL DE 2020

LÓXICA MATEMÁTICA

ACTIVIDADE 1

1. **MATERIAIS:** dominó.
2. **PROCEDEMENTO:**
 - ⇒ buscamos as fichas dobres;
 - ⇒ clasificamos as fichas por familias: *cal é a familia do 1?*;
 - ⇒ escollemos varias fichas e clasificámolas polo número total que suman os seus puntos.




ACTIVIDADE 2

- ⇒ xogamos unha partida ao dominó.

ACTIVIDADE 3

- ⇒ nun folio debuxamos unha táboa como a do exemplo;
- ⇒ no centro escribimos un número;
- ⇒ deben completar co número anterior e posterior ao proposto.







MARTES 14 DE ABRIL DE 2020



LECTOESCRITURA

ACTIVIDADE 1

BINGO

1. Preparamos os cartóns do bingo e poñemos letras, sílabas ou palabras. Utilizaremos botóns, garavanzos, lentellas ou calquera outro material que nos sirva para marcar a palabra ou letra que saíu.
 2. Nunha bolsa teremos preparadas varias letras, sílabas ou palabras, que iremos sacando e lendo para que a nena ou neno a cubra no seu cartón.
- 
- 

A	P	C
L	M	O
E	R	S

